



Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 2 de decembro de 2022 e previo exame do recurso, adopta o seguinte acordo,

Expediente electoral 245/2022

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por medio de escrito de data 24 de novembro de 2022, remitido pola Xunta Electoral a este CGXD e con entrada no Rexistro o 25 de novembro co número PRRWEB01 2022/255126, dona María del Carmen Ferreiro Prado, na súa condición de Presidenta do Club Bádminton Cíes, presenta recurso contra a decisión a Xunta Electoral da Federación Galega de Bádminton de data 22 de novembro de 2022 sobre a composición da Comisión delegada e a interpretación do artigo 25.2 do Regulamento electoral relativo a mesma.

SEGUNDO.- Mediante providencia de data 30 de novembro de 2022 admitiuse a trámite o recurso co número 245/2022 tramitándose conforme o procedemento electoral federativo que se regula nos arts. 55 e segs. do Decreto 120/2013, de 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, en canto se recorre unha decisión da Xunta Electoral relativa ao proceso electoral da Federación Galega de Bádminton.

Tendo remitido a Xunta Electoral o seu Informe e expediente xunto co recurso electoral presentado, este Comité pasa directamente o recurso ao trámite de resolución.

É relatora **dona María Dolores Rodríguez Rodríguez**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva.-

O artigo 87 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla entre as materias ás que se estende a xurisdición deportiva todas aquelas cuestións que se poidan suscitar no denominado ámbito electoral. O artigo 88 da precitada Lei establece que no ámbito electoral, a xurisdición deportiva comprende o coñecemento e resolución dos recursos que se formulen contra as decisións que se adopten nos procesos electorais das federacións deportivas. O exercicio da xurisdición deportiva no ámbito electoral corresponde ás xuntas electorais das federacións deportivas e ao Comité Galego de Xustiza Deportiva de conformidade con sinalado na Lei do Deporte de Galicia,





nos seus regulamentos de desenvolvemento e nos estatutos e regulamentos federativos.

Conforme así contempla o artigo 51.1 do Real Decreto 16/2018 de 15 de febreiro polo que se establecen as bases e criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais das federacións deportivas galegas, o CGXD é competente para o coñecemento dos recursos contra as resolucións da Xunta Electoral nos procesos electorais das federacións galegas, cuxa resolución poñerá fin a vía administrativa,

SEGUNDO.- Lexitimación e prazo.-

O recorrente ten lexitimación para recorrer a resolución da Xunta Electoral ante este CGXD, toda vez que coma integrante da federación é club electo da Asemblea polo estamento de clubs presentou escrito ante a Xunta Electoral alegando unha serie de erros no número de membros da Comisión Xestora e na interpretación do Regulamento electoral que poden afectar ao proceso electoral federativo, tendo polo tanto, nesa condición, interese directo en recorrer a contestación da Xunta Electoral a súa solicitude, por entender que non é acorde a dereito, conforme así o establece o artigo 51.2 do Decreto 16/2018 referido.

Considérase que o recurso foi presentado en prazo legal, por ser interposto no prazo legal de 3 días hábiles dende a notificación mediante correo electrónico da decisión da Xunta Electoral que recorre, conforme así exige o artigo 51.3 do Decreto 16/2018 de aplicación.

TERCEIRO.- Obxecto do recurso.

O obxecto do recurso electoral, céntrase en recorrer a resolución da Xunta Electoral da Federación Galega de Bádminton, cos seguintes argumentos:

1º.- Que o 05/11/2022 celebrouse a elección de membros da federación galega de Bádminton na Casa do deporte, en Vigo detectando unha serie de erros e indefensións no Regulamento Electoral e calendario electoral, os cales son comunicadas en varios correos a Xunta Electoral da Federación Galega de Bádminton. En consecuencia, o 11/11/2022, este club por medio do seu secretario, remitiu a Xunta Electoral da Federación galega de Bádminton correo electrónico,





para comunicar erros que detectaron no calendario electoral publicado o cal responde a Xunta Electoral o 14/11/2022.

2º.- O 21/11/2022, dado que comeza seguindo o calendario electoral, o período de toma de posesión dos membros electos a asemblea, de presentación de candidaturas a presidencia e a comisión delegada, e ante as dubidas que lle xorden a este club nos prazos e outros aspectos, envía un novo correo electrónico a Xunta Electoral, o cal responde esta o 22/11/2022.

4º.- Que ante o desacordo por parte do Club coa resposta dada pola Xunta Electoral, o Club remitiu un novo correo o 22/11/2022, o cal responde a Xunta Electoral ese mesmo día, sobre a composición da Comisión Delegada, xa que segundo o regulamento electoral debe ser de ou 6 ou 9 membros , e non de 7 como comunica a Xunta Electoral, denunciando así mesmo, a inexistencia de distribución dos representantes por estamentos individuais en proporción a súa representación na Asemblea, en contradición co disposto no regulamento de aplicación.

En consecuencia, solicítase que antes do 10/12/2022, data na que está convocada a constitución da nova Asemblea da Federación Galega de Bádminton e elección de membros da Comisión Delegada, se especifique o número concreto de membros da Comisión Delegada e reparto de membros da Comisión delega por estamentos individuais, entre os 5 membros de deportistas, 3 de adestradores e 2 de xuíces, "en proporción a súa respectiva representación na asemblea xeral", como estipula o artigo 25.2 do Regulamento Electoral, pois a resposta dada pola xunta electoral ao respecto, considera que é contraria o citado regulamento.

Pola súa banda, o informe, aportado ante este Comité pola Xunta Electoral alega en primeiro lugar, que non é competente para tratar as cuestións referidas ao Regulamento electoral e que, así e a todo, respondeu as dúbidas trasladadas por correo electrónico polo Club recorrente en relación co artigo 25.2 do mesmo que recolle cal debe ser a composición da Comisión Delegada, non aceptando a interpretación o Club recorrente que deu orixe ao presente recurso ante o CGXD.





CUARTO.- Análise xurídico do asunto.-

Tendo en conta estes argumentos, este Comité entende que deben darse resposta individual as distintas cuestións expresadas polo Club Bádminton Cíes:

-En canto as cuestións relativas as indefinicións e as posibles omisións ou erros no articulado do Regulamento Electoral, tanto desta normativa como do calendario electoral, entende este Comité que é conforme a dereito a resolución da Xunta Electoral declarando a súa non competencia, toda vez que a competencia para a resolución das impugnacións da redacción e do contido do Regulamento electoral e do calendario recae na Secretaría Xeral fronte cuxa decisión, estaría aberta a vía contenciosa, quedando fora da competencia deste Comité, conforme así se regula no artigo 17 do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro polo que se establecen as bases e criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais das federacións deportivas galegas. Estando aprobado o Regulamento e o Calendario electoral e non sendo recorrido conforme o citado Decreto, debe atenderse ao disposto no mesmo.

Por todo elo, existe falta de competencia en canto a calquera decisión relativa a modificación ou adición á redacción do artigo 25.2 do Regulamento electoral, que non pode ser modificado por este Comité por falta de competencia.

-Por outra banda, debe recordarse ao Club recorrente que o CGXD non é un órgano consultivo que deba clarificar as dúbidas dos Clubs.

Con todo, tendo en conta que o que realmente pide o Club é que se cumpra o referido artigo 25.2 do Regulamento electoral, contendo o seu escrito unha manifestación de desconformidade coa interpretación dada pola Xunta Electoral sobre a composición da Comisión Delegada, enténdese que sí é competente este Comité para determinar se a decisión da Xunta Electoral sobre este tema é conforme ou non ao Regulamento e o Decreto 16/2018 de aplicación por canto contempla 7 membros e segundo o recorrente soamente poden ser 6 ou 9, denunciando así mesmo, que non se respeta a representatividade prevista na norma.

E neste aspecto, debemos atender ao que así dispón a normativa, en particular, o Decreto 16/2018 que regula os procesos electorais das federacións deportivas galegas e que no seu artigo 48 regula a composición da Comisión e en canto o número e representatividade establece que:





"3. O número máximo de persoas integrantes da comisión delegada será de 12, máis a presidencia, que pertence a ela como membro nato. En todo caso, deberá gardarse a seguinte proporción:

- Un terzo da comisión delegada debe ser designado pola persoa titular da presidencia da federación.*
- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre elas.*
- Un terzo corresponderá aos demais estamentos, en proporción á súa respectiva representación na asemblea xeral."*

Polo tanto, o que exige a norma é un máximo de 12 membros máis un Presidente, debendo ter a representación indicada por terzos.

Pola súa banda, o artigo 25 do Regulamento electoral da Federación Galega de Bádminton axústase ao Decreto pois establece que:

"2. O número de membros da comisión delegada da Federación Galega de Bádminton é de ou 6 ou 9 máis o presidente que pertence a mesma como membro nato da mesma. Deberá gardarse a seguinte proporción: - Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da presidencia da Federación (2). O Presidente deberá sinalalos no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa toma de posesión. - Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (2). - Un terzo corresponderá aos demais estamentos (3), elixíndose esta representación por e de entre os membros de cada estamento en proporción a súa respectiva representación na asemblea xeral."

En interpretación destes artigos, se pronuncia a Xunta Electoral que informa ao Club recorrente que consultada a Subdirección de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte, os membros da Comisión Xestora serán os seguintes:

- O Presidente pode elixir 1/3 dos membros, é dicir: 2.
- Os 2/3 restantes, seguindo o disposto no regulamento aprobado serán elixidos polas entidades (2) e os 3 restantes entre os membros de cada estamento.

Visto o exposto, entende este Comité que o marxe da interpretación dada, é claro o límite máximo de membros da Comisión Delegada aprobado no Regulamento electoral





que debe ser de 6 ou de 9 máis o Presidente e que os membros deberán ser elixidos por terzos, como ademais así exige o Decreto 16/2018.

Consecuentemente, a composición da Comisión Delegada non pode ser a establecida pola Xunta Electoral no número de 7 membros máis o Presidente, sendo un erro de interpretación a designación de candidatos por terzos pois, evidentemente, non é concorde co disposto no Regulamento que establece de forma clara uns números concretos de membros que deben ser respectados.

En consonancia co exposto, a Xunta Electoral debe axustarse ao número de membros da Comisión Delegada disposto no artigo 25.1 do Regulamento electoral; é dicir, fixar un número de 6 membros máis o Presidente ou 9 membros máis o Presidente, os cales serán elixidos por terzos, sendo 1/3 elixido polo Presidente, 1/3 por e entre as entidades deportivas e 1/3 polos demais estamentos, respectado deste xeito a representatividade exixida pola norma.

Por todo elo,

O PLENO DO COMITÉ por unanimidade acorda estimar o recurso electoral 245/2022.

RECURSOS

Contra o presente acordo non cabe recurso administrativo algún (artigo 63.7 Decreto 120/2013), se ben poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Dona Teresa Carrera Babarro, secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICO:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vde. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela.

